

VIEIROS

Edición xeral

A invasión inminente

A teoría é que eles están aí fóra. Que agardan un noso despiste (tal vez un despiste xeral, a caída da MIR, unha noite sen día...) para chegar ata nós e para reclamar o que é seu: o seu penedo, o seu territorio do trasmundo. Desagarda fala Bieito Iglesias, escritor xa de hai tempo de novelas *para adultos*: *Aventura en Nassau*, *Miss Ourense* ou o recentísimo *O mellor francés de Barcelona*. Agora baixa ó campo universal dos nenos cunha misión: salvar a Santa Compañía. (X.C.)

- 09:34 08/11/1999

¿Que conta *A noite das cabras do aire*?

Conta a novela a visita que por motivos familiares fai un rapaz ourensán, urbano, á aldea da montaña onde vive un tío seu. Un rapaz que se ve mergullado, de súpeto, no País de Atrás, é dicir, nesa Galicia que sobrevive alí nas grutas, nos penedos e que está aínda viva. É un xogo que reivindica a maxia que existiu e que segue existindo, anque agora transformada por cuestións científicas noutras cousas. E con ese fondo da Galicia máxica que é terrorífica e que ó mesmo tempo é poética hai unha peripecia concreta, que é a do rapaz, que asiste a unha aventura que é distinta dos bares e fútbolíns que el coñece da cidade. É unha incursión noutro mundo.

Un conto de maxia, de medo...

Si, un conto que poderíamos dicir do subxénero de medo, máis na liña de Lovecraft ca na de Poe. Lovecraft, nos seus *Relatos de Nova Inglaterra*, describe os campos de Massachusets convertidos nun inferno onde hai criaturas demoníacas, onde hai cabras do aire, noitebras, que son as almas dos réprobos. E ese ambiente de Massachusets tamén o hai en Galicia. Eu o que fixen foi crear o equivalente dese campos no noso país cun clima de montaña, duro, nun escenario adecuado para esas criaturas que foron expulsadas pola cultura contemporánea, pola ufloxía e os expedientes X. Ese recanto é un *mundo perdido* onde en vez de dinosaurios están as criaturas do trasmundo galego, os mouros antropófagos...

¿Por que das o paso agora á literatura infantil e xuvenil?

Eu a literatura de cativos entendida así, estrictamente, dábame un pouco de medo, porque a experiencia que teño dela é a de ser xurado unha vez dun premio de literatura infantil. E o repertorio de temas que se trataban era espantoso, con cargas moi moralistas: ou a inocencia das víboras ou a maldade das corporacións industriais... todo un programa político camuflado de literatura infantil. E toda esa literatura infantil que adoutrina e que está vencellada ó ensino actual, un ensino onde se cre que hai que adoutrinar... A min esa non me gusta.

Polo que contas máis parece dirixida *A noite das cabras do aire* cara un público xuvenil ca infantil
Máis ca unha literatura especificamente infantil a miña idea é a dunha noveliña como as de Stevenson, que

non é que sexa unha literatura para rapaces (aínda que evite complexidades ou situacións que os rapaces non comprenden). Creo que hai novelas, como as *Aventuras de Arthur Gordon Pym* ou *A Illa do Tesouro*, ou todo Salgari ou todo Verne, que son *máis* recomendables para nenos. Eu non estaba pensando nun lector só neno. Aínda que o protagonista sexa infantil, a mirada sexa infantil e o horizonte co que se narra exclúa temas que non sexan as preocupacións dun neno. Pero non é unha cousa escrita cun meio rombo, para nenos.

O medo está un pouco desterrado da literatura infantil

Creo que a literatura para nenos se debe escribir coa perspectiva de non aforrarlle ó neno as realidades da vida. Non aforrándolle incluso o terror, sen aforrarlle o ogro... Porque contra a opinión actual, eu creo que se se lle dá ós rapaces unha realidade que exclúe o mal, que exclúe o terror, o que se lle está facendo é non preparalos para as cousas que hai na vida. E neste texto o rapaz enfróntase á realidade da ambición humana, á realidade da loucura, á realidade da violencia, do terror, do medo... e sae desa situación máis formado, cheo de coñecementos. Unha odisea, anque sexa unha Odisea á montaña.

Sen embargo, parece un pouco trasnoitada a temática do medo dos lobos e do rural no país no que a cada vez máis todos somos vigueses e coruñeses.

Con esta noveliña quixen facer unha reivindicación: e é que o mundo actual, que se di que está globalizado, pois no fondo é só un mundo colonizado. Non é que en Nova York saiban o que é a Santa Compañía e que nós saibamos o que son os ovnis. Esta é unha realidade de dirección única. E a sociedade contemporánea substitúe os veciños pola televisión, mesmo tamén nestes aspectos.

¿Entón será que morre a maxia?

Non, o mundo actual segue pendente da maxia. Hai meigos que se anuncian na televisión, hai un rexurdir da quiromancia... Non é que a maxia morra, é que se industrializa e se centraliza nos focos económicos e culturais. Efectivamente, desaparecerá a maxia galega popular se desaparece a cultura galega. Pero non é que o mundo vaia perder a maxia. En vez da Santa Compañía falaremos de poltergeists ou do exorcista. E o *Exorcista*, en realidade, é un mito ancestral. Ou Drácula. Porque Drácula é un mito de Hollywood, pero ademais é unha lenda popular transilvana como podía ser a do Urco galego. O que pasa é que a lenda do Urco está nos contos de Fole pero non está en Hollywood. Pero se estivese alá o can negro coa carranca dourada sería un mito popular como Frankenstein ou Drácula. Non creo que a maxia poida desaparecer. A maxia é unha idea primaria, mais primaria aínda cá relixión. O feito máxico é universal: haino en todo o mundo e en todas as épocas.

Haberá daquela que salvar a Santa Compañía...

Creo que *A noite das cabras do aire* é precisamente unha cotribución que fago eu para salvar este tipo de criaturas. A hipótese do relato é que as criaturas do trasmundo galego non desapareceron, que viven agochadas nos currunchos neste país agarando o seu momento. Ó igual cás criaturas do exterior de Lovecraft, que están no éter pero que aproveitan calquera burato, calquera debilidade mental de individuos dados á maxia, para irromperen en pleno Boston. A miña idea é que ese trasmundo aparecerá nalgún momento. Existen os mouros, existen as ánimas, existe o urco... O que pasa é que simplemente están hibernados.

Se cadra os mouros o que tiñan que facer era ir vivir para a cidade.

Xa están, xa están. Polo momento están arrinconadas na montaña como o están as palabras, as palabras da tribo. Pero as criaturas son espíritos *loci*, espíritos do lugar. Por exemplo, hoxe en día é moi frecuente que a burguesía urbana desfaga cotos de penedo no campo e leve estes penedos para o seu xardín. Pero é que con eses penedos que foron antes covas vén todo o mundo máxico. Veñen os mouros antropófagos a vivir ós xardíns. E poden invadir en calquera momento as nosas cidades americanizadas.

